




CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

Informe de sinistralidade laboral en Galicia no 2020

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
Informe de sinistralidade laboral en Galicia no 2020
Abril de 2021

Elaboración: Secretaría de Saúde Laboral



ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	5
ACCIDENTES DE TRABAJO	7
1. Accidentes de trabajo con baixa.....	9
1.1. Accidentes de trabajo con baixa en xornada laboral	10
Por gravidade e sexo.....	10
Por grupos de idade	11
Por sectores de actividade e sexo.....	12
Por sectores de actividade e gravidade.....	14
Por antigüidade na empresa.....	16
Segundo o cadro de persoal da empresa	17
Por tipo de contrato	18
Por provincias	18
Por comunidades autónomas.....	19
Accidentes mortais en xornada laboral.....	20
1.2. Accidentes de trabajo “in itinere”	22
2. Accidentes sen baixa en xornada laboral.....	23
3. Accidentes de trabajo pola covid-19	24
ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABAJO	25
1. Enfermidades causadas polo trabajo	27
1.1 Enfermidades profesionais	27
1.1.1. Partes comunicados de enfermidades profesionais	28
Por sexo	28
Por sector de actividade.....	29
Por grupo de enfermidade	30
Por provincias	31
Por comunidades autónomas.....	32
1.1.2. Partes pechados como enfermidade profesional con baixa	33
1.1.3. Sistema de alertas	33
1.2. Patoloxías non traumáticas.....	34
Por sexos	34
Por provincias	34
Clasificación por comunidades autónomas	35
CONCLUSIÓN.....	36

Como é habitual no mes de abril, dende o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia presentamos o informe cos datos de sinistralidade do último ano e a comparación cos do ano anterior, co fin de estudar a evolución da sinistralidade laboral. Pola situación ben coñecida da pandemia, no ano 2020 —que toca comparar co 2019—, déronse circunstancias que distorceron todas as estatísticas e complicaron a análise dos datos tal como viñamos facendo en informes anteriores.

A saúde e a seguridade no traballo son unha prioridade para as Comisións Obreiras. No 2020, coa irrupción da covid-19, colapsouse a atención sanitaria e paralizouse o tecido produtivo; quedaron en evidencia, pois, moitas eivas do noso sistema, e unha delas é a prevención de riscos laborais no mercado de traballo.

A adaptación dos postos de traballo á protección fronte ao virus emerxeu como gran reto e custou moito adaptarse, en parte pola complexidade da situación, pero tamén pola insuficiencia dunha cultura preventiva que, para o noso entender, necesita avanzar cunha lei de prevención de riscos que mellore a protección da clase traballadora.

A paralización da actividade traducíuse nun descenso notable do número de accidentes de traballo. En Galicia baixaron en 7216 os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral; é dicir, rexistrouse unha diminución do 24,45 %. Pero é necesario analizar os datos con máis fondura para decatarse de que algo está a fallar. A caída principal deuse nos accidentes leves, un 24,56 %, pero nos graves a baixada xa é menor, un 19,62 %. Con todo, o problema grave témolo nos accidentes mortais: en Galicia morreron 52 persoas no 2020, dúas menos que o ano anterior, é dicir, reducíronse un 3,7 %. Esta casuística repítese no conxunto do Estado, incluso con peores datos de accidentes mortais, o que indica que a sinistralidade está moi arraigada no noso tecido produtivo.

Outra eiva do noso sistema é o escaso recoñecemento de enfermidades profesionais. No 2020 caeu considerablemente o recoñecemento destas patoloxías. Dende o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia cremos necesario detectar o 100 % das enfermidades que teñen a súa orixe no traballo, xa que esta é a base para traballar en prevención. Organismos como o ISSGA, ou sistemas como o de sospeita de enfermidades profesionais, son esenciais para atallar este grave problema. Pero tamén cómpre cambiar o modelo de xestión das mutuas e dos servizos de prevención, con mellores mecanismos de control que garantan a seguridade e saúde no traballo e a melloren.

Tamén hai que revisar os criterios de recoñecemento de accidentes de traballo por covid-19, que tivo un grande impacto na sociedade polo enorme número de persoas contaxiadas; porén, só 9858 casos no Estado e 92 en Galicia se recoñeceron como accidentes de traballo por esta patoloxía.

Roi Fernández Rodríguez
Secretaría de Saúde Laboral
Sindicato Nacional CCOO de Galicia

ACCIDENTES DE TRABAJO

1. ACCIDENTES DE TRABAJO CON BAIXA

Os accidentes de traballo poden derivar, ou non, nunha baixa laboral. Prodúcese durante a xornada laboral ou no traxecto de ida ou volta ao traballo; nestes casos denomínanse accidentes *in itinere* e tratámoslos por separado.

Para analizar a evolución dos accidentes de traballo con baixa en Galicia baseámonos nas estatísticas que ofrece o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social (MITRAMISS) e, sobre todo, nas publicadas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) mais a que este mesmo organismo nos facilitou por pedimento noso. Os datos manexados son os acumulados de xaneiro a decembro de 2020 e establécese unha comparación cos do mesmo período do ano anterior.

Os datos son un avance provisional do balance anual e están suxeitos a actualizacións periódicas. Ao longo do informe poden detectarse pequenas diferenzas entre os datos do ISSGA e do MITRAMISS para o mesmo período e territorio. Canto á información do ISSGA, tamén hai variacións entre os datos publicados na súa web e a posterior actualización que nos proporcionaron no mes de abril con motivo da nosa consulta (a data do informe xerado co sistema ISSGA é 8/4/2021).

Ademais das cifras absolutas de accidentes de traballo, tamén tomaremos como referencia o «índice de incidencia». Este indicador considérase máis preciso para cuantificar a sinistralidade laboral porque relaciona o número de accidentes en xornada de traballo con baixa co número de traballadores/as afiliados en situación de alta nos réximes que teñen cuberta a continxencia de accidente de traballo. A unidade de medida dese indicador é accidentes de traballo por cen mil traballadores/as.

A poboación afiliada á Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, que se toma como referencia nas estatísticas do MITRAMISS, pertence aos seguintes réximes:

— Réxime xeral da Seguridade Social (cobertura obrigatoria), incluídos os traballadores/as en períodos de actividade do Sistema especial para traballadores por conta allea agrarios e os traballadores do Sistema especial para empregados de fogar.

Non se contabilizan os afiliados e afiliadas en períodos de inactividade do Sistema especial para traballadores por conta allea agrarios nin os funcionarios afiliados ao réxime xeral da Seguridade Social afectados pola disposición adicional terceira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, porque as continxencias profesionais deste

colectivo xestiónanse a través das mutualidades de funcionarios (MUFACE, ISFAS e MUGEJU).

- Réxime especial da minería do carbón (cobertura obrigatoria)
- Réxime especial de traballadores do mar (cobertura obrigatoria)
- Réxime especial de traballadores autónomos (RETA) (cobertura obrigatoria salvo excepcións): dende o ano 2019, a cobertura é obrigatoria con carácter xeral neste réxime. Non obstante, quedan excepcións onde a cobertura segue sendo voluntaria, que son as persoas traballadoras incluídos no Sistema especial para persoas traballadoras por conta propia agrarias (SETA) e os relixiosos da Igrexa católica cando a afiliación á Seguridade Social corresponda no RETA.

Segundo os datos do avance de xaneiro-decembro 2019/2020 que publicou o ISSGA, durante o 2020 producíronse en Galicia 24511 accidentes de traballo con baixa. Deste total, o 90,99 % ocorreron en xornada laboral e o 9,01 % restante no desprazamento do domicilio ao centro de traballo ou viceversa.

Táboa 1. ACCIDENTES DE TRABALLO CON BAIXA

	ANO 2020	ANO 2019
Na xornada laboral	22.302	29.518
'In itinere'	2.209	3.123
Total	24.511	32.641

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

1.1. Accidentes de traballo con baixa en xornada laboral

No 2020, en relación co ano anterior, reducíronse en 7216 os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, un 24,45 %.

O índice de incidencia baixou un 22,91% con respecto ao ano 2019.

Por gravidade e sexo

O índice de incidencia do ano 2020 foi de 2209,35 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral por cada 100 000 traballadores/as afiliados/as á Seguridade Social coas continxencias profesionais cubertas. A incidencia dos accidentes é maior nos homes ca nas mulleres: por cada 100 000 homes traballadores, 3186,74 sufriron accidentes; a cifra baixa nas mulleres ata 1293,83.

A diferenza de índices entre homes e mulleres ensánchase conforme aumenta a gravidade dos accidentes: o índice de incidencia dos accidentes leves é 2,4 veces maior nos homes; sobe ao 6,6 nos graves e ata o 15,3 nos mortais.

No ano 2020 producíronse 22 302 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral: o 72,27 % de homes e o 27,73 % restante de mulleres.

Os homes sufriron o 71,96 % dos accidentes leves, o 87,53 % dos graves e o 94,23 % dos mortais.

Táboa 2. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR GRAVIDADE E SEXO. ANO 2020

	Nº DE ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	15.739	6.134	21.873	3.091,30	1.283,37	2.215,89
Graves	330	47	377	64,82	9,83	38,19
Mortais	49	3	52	9,62	0,63	5,27
Total	16.118	6.184	22.302	3.165,74	1.293,83	2.259,35

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

En comparación co 2019 (ver táboa 3), o índice de incidencia de accidentes mortais diminuíu un 1,75 %; unha proporción considerablemente menor ca en graves e leves.

Por sexos, nos homes sobe un 0,29 % o índice de incidencia nos accidentes mortais, é o único que se incrementa respecto ao ano anterior. No caso das mulleres, o índice de incidencia baixa nos tres tipos de accidentes.

Táboa 3. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR GRAVIDADE E SEXO

	VARIACIÓN RELATIVA 2020/2019		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	-22,43 %	-24,11 %	-23,03 %
Graves	-13,4 %	-39,5 %	-17,99 %
Mortais	0,29 %	-23,73 %	-1,75 %
Total	-22,21 %	-24,35 %	-22,91 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por grupos de idade

Segundo a información facilitada polo ISSGA,¹ o maior número de accidentes rexístrase nas persoas de 35 a 44 anos: 6790 no ano 2020 (30,42 % dos accidentes); a seguir, nas persoas de 45 a 54 anos con 6429 accidentes (o 28,80 % do total).

¹ Sempre que citamos a información solicitada ao ISSGA, referímonos á que extraeron o 8/4/2021, como explicabamos na introdución.

**Táboa 4. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL
POR GRAVIDADE E IDADE. ANO 2020**

	Nº DE ACCIDENTES			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
<16	1	0	0	1
16-19	161	3	0	164
20-24	1.066	8	0	1.074
25-34	4.148	40	4	4.192
35-44	6.690	86	14	6.790
45-54	6.277	129	23	6.429
55-65	3.501	108	11	3.620
>65	47	4	0	51
Total	21.891	378	52	22.321

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

O 7,84 % dos accidentes sufridos por maiores de 65 anos foron clasificados como graves, cun total de 4. No tramo de idade de 55-65, o 2,98 % dos accidentes foron graves (108) e no tramo de 45-54 anos, fórono un 2,01 % dos accidentes. Conforme baixan os tramos de idade, redúcese a porcentaxe de graves sobre o total no mesmo colectivo e rompe a tendencia no tramo 16-19 que ocupa un 1,83 % con 3 accidentes graves.

Canto a accidentes mortais, as persoas entre 45 e 54 anos sufriron 23 dos 52 que se produciron (44,23 %); outros 14 sufríronos as persoas comprendidas entre 35 e 44 anos (26,92 %) e 11 ocorreron no tramo de idade de 55-65 (21,15 %). Os catro restantes sufríronos persoas entre 25 e 34 anos (7,69%).

Por sectores de actividade e sexo

No 2020, o sector de actividade co maior índice de incidencia foi a industria, con 4782,58 accidentes por cada cen mil traballadores/as afiliados; séguenlle a construción e a pesca con 4435,87 e 4403,04 accidentes, respectivamente, duplicando a media dos índices sectoriais. A agricultura ocupa o cuarto posto con 3322,17 accidentes; por debaixo da media dos índices sectoriais queda o sector dos servizos, co valor de 1418,68.

Por sexos, o índice de incidencia dos homes supera o das mulleres en todos os sectores de actividade pero, sobre todo, na construción (é máis de doce veces maior) e na agricultura (triplica o das mulleres). A menor diferenza dáse nos servizos e na industria.

Táboa 5. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E SEXO. AÑO 2020

	N.º DE ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	941	210	1.151	4.575,74	1.491,37	3.322,17
Pesca	705	89	794	5.168,62	2.025,95	4.403,04
Industria	5.506	1.367	6.873	5.426,56	3.235,89	4.782,58
Construción	3.305	27	3.332	4.858,44	380,87	4.435,87
Servizos	5.661	4.491	10.152	1.853,37	1.094,96	1.418,68
Total	16.118	6.184	22.302	3.165,76	1.293,83	2.259,35


FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

A segmentación sexual na ocupación reflíctese tamén na distribución dos accidentes por sectores. Nos servizos, a porcentaxe de mulleres que sofren un accidente é lixeiramente inferior á de homes, mentres que nos restantes sectores é moito maior.

Os accidentes nas mulleres ocorren mormente nos servizos: o 72,62 % no 2020, porcentaxe que baixa ata o 35,12 % nos homes.

Na industria producíronse o 24,68 % dos accidentes de homes fronte ao 6,13 % de mulleres. No sector primario (agricultura e pesca) rexístranse o 7,38 % de accidentes de homes fronte ao 1,34 % de mulleres. Por último, na construción os accidentes atanguen case exclusivamente os homes, co 99,19 % dos ocorridos no sector.

Gráfico 1. ACCIDENTES DE TRABALLO EN XORNADA LABORAL POR SEXO E SECTOR




O índice de incidencia redúcese en todos os sectores (táboa 6). O maior descenso rexístrase nos servizos (25,29 %), séguelle a industria (22,47 %), a construción (21,39 %); no sector primario (agricultura e pesca) rexístranse os descensos menores.

Táboa 6. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTOR E SEXO

VARIACIÓN RELATIVA 2020/2019			
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	-15,13 %	-18,57 %	-15,14 %
Pesca	-6,61 %	-28,76 %	-9,77 %
Industria	-23,27 %	-18,74 %	-22,47 %
Construción	-21,05 %	-33,68 %	-21,39 %
Servizos	-24,54 %	-26,10 %	-25,29 %
Total	-22,21 %	-24,35 %	-22,91 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

No gráfico 2 reflíctese a variación dos accidentes de traballo con baixa en xornada laboral por sector e sexo.

Gráfico 2. VARIACIÓN AT EN XORNADA LABORAL POR SEXO E SECTOR 2020/2019

Por sectores de actividade e gravidade

No 2020, a pesca acadou o índice de incidencia máis elevado nos accidentes graves (216,27 accidentes) e nos mortais (44,36). A industria rexistrou o maior índice de incidencia dos accidentes leves (4726,91). Pola contra, os servizos rexistran o menor índice de incidencia nos tres graos de gravidade.

Táboa 7. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. AÑO 2020

	N.º DE ACCIDENTES				ÍNDICE DE INCIDENCIA			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	1.108	36	7	1.151	3.198,06	103,91	20,20	3.322,17
Pesca	747	39	8	794	4.142,41	216,27	44,36	4.403,04
Industria	6793	71	9	6.873	4.726,91	49,41	6,26	4.782,58
Construción	3.219	104	9	3.332	4.285,43	138,45	11,98	4.435,87
Servizos	10.006	127	19	10.152	1.398,28	17,75	2,66	1.418,68
Total	21.873	377	52	22.302	2.215,89	38,19	5,27	2.259,35

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Nos accidentes leves, o número baixa en todos os sectores, pero redúcese en menor medida no sector primario (agricultura e pesca).

Nos accidentes graves, o número increméntase no sector da pesca (14,71%), mantense na construción e redúcese no resto de sectores.

Nos accidentes mortais, o número baixa no sector dos servizos e da industria e mantense na construción; porén, sobe no sector primario: un 166 % na pesca e un 75 % na agricultura.

No total de accidentes apréciase unha redución total do 24,45 %; só se incrementa na agricultura (16 %), pero apréciase unha redución menor canto máis graves son os accidentes.

Táboa 8. EVOLUCIÓN ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. AÑO 2020

	N.º DE ACCIDENTES			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	-16,00%	-25,00%	75,00%	16,05%
Pesca	-13,74%	14,71%	166,67%	-12,07%
Industria	-23,51%	-21,98%	-25,00%	-23,50%
Construción	-24,86%	0,00%	00,00%	-24,22%
Servizos	-26,67%	-33,85%	-26,92%	-26,77%
Total	-24,56%	-19,62%	-3,70%	-24,45%

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Canto aos índices de incidencia, redúcense en todos os sectores no total dos accidentes con baixa; pola contra, na pesca increméntanse nos graves un 17,7 % e nos mortais un 173,63 %; na construción, un 3,74 % tanto en graves coma mortais.

Tamén se pode apreciar unha menor redución do índice conforme aumenta a gravidade: o descenso nos leves é dun 23,0 %, nos graves un 17,99 % e nos mortais un 1,75 %.

**Táboa 9. EVOLUCIÓN ÍNDICE ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL
POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2020**

	ÍNDICE DE INCIDENCIA			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	-15,09%	-24,19%	-76,88%	-15,14%
Pesca	-11,49%	17,7%	173,63%	-9,77%
Industria	-22,49%	-20,94%	-24,00%	-22,47%
Construción	-22,05%	3,74%	3,74%	-21,39%
Servizos	-25,19%	-32,52%	-25,45%	-25,29%
Total	-23,03%	-17,99%	-1,75%	-22,91%

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por antigüidade na empresa

Ao poñer en relación o número de partes de accidentes de traballo en xornada laboral coa poboación asalariada que reflicte a Enquisa de poboación activa (EPA), pódese concluír que, en proporción, sofren máis accidentes as persoas con menos antigüidade no seu posto de traballo.

No 2020, segundo a información solicitada ao ISSGA, o 18,57 % dos accidentes con baixa en xornada laboral sufríronos persoas con antigüidade no posto de traballo inferior a tres meses. A porcentaxe é moi elevada, pois representaban un 4,22 % da poboación asalariada. No caso das persoas traballadoras cunha antigüidade na empresa de 3 a 6 meses, sofren o 11,23 % dos accidentes laborais con baixa e representaron o 3,2 % da poboación activa no 2020. Conforme aumenta a antigüidade redúcese a posibilidade de sufrir un accidente: as persoas cunha antigüidade de máis dun ano ocupan o 87,3 % da poboación activa e sofren o 60,73 %; na antigüidade superior a tres anos, a porcentaxe de persoas que tiveron un accidente laboral con baixa foi do 41,43 % e este grupo representa o 73,18 % da poboación activa.

En accidentes mortais, o colectivo que porcentualmente rexistra peores datos é o do tramo de antigüidade de 3 a 6 meses, xa que sufriu o 21,15 % dos accidentes mortais, ocupando só o 3,2 % da poboación activa. O 42,31 % dos accidentes mortais tivéronos as persoas cunha antigüidade inferior a un ano e son o 12,57 % da poboación activa.

**Táboa 10. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL
POR GRAVIDADE E ANTIGÜIDADE NA EMPRESA. ANO 2020**

	N.º DE ACCIDENTES			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
< 3 meses	4.082	55	8	4.145
3-6 meses	2.463	32	11	2.506
6-12 meses	2.077	35	3	2.115
12-36 meses	4.230	70	7	4.307
> 36 meses	9.039	186	23	9.248
Total	21.891	378	52	22.321

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Segundo o cadro de persoal da empresa

Unha característica fundamental da nosa estrutura produtiva é o predominio case absoluto das empresas moi pequenas. Esa peculiaridade tamén se reflicte na distribución dos accidentes.

Segundo a información proporcionada polo ISSGA, no 2020 o maior número de accidentes deuse nas empresas de 5 a 25 persoas traballadoras: 5941 que supuxeron o 26,62 % do total de accidentes.

O 57,58 % dos accidentes de traballo en xornada laboral ocorridos no 2020 rexistráronse en empresas que tiñan entre 1 e 50 traballadores/as; a porcentaxe baixa ata o 24,15 % nas empresas con entre 51 e 250 traballadores/as e ata o 18,27 % nas de máis de 250 traballadores/as.

**Táboa 11. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL
POR GRAVIDADE E CADRO DE PERSOAL. ANO 2020**

	N.º DE ACCIDENTES			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Ningún	1.747	99	6	1.852
De 1 a 4	2.309	63	13	2.385
De 5 a 25	5.813	108	20	5.941
De 26 a 50	2.636	33	5	2.674
De 51 a 100	2.545	20	3	2.568
De 101 a 250	2.804	14	5	2.823
De 251 a 500	1.675	18	0	1.693
De 501 a 1000	834	3	0	837
Máis de 1000	1.528	20	0	1.548
Total	21.891	378	52	22.321

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

O maior número de accidentes graves e mortais tamén se dá en empresas cun cadro de persoal entre 5 e 25 traballadores/as e os seus accidentes graves (108) representan o 28,57 % e os mortais (20), o 38,46 %.

Por tipo de contrato

A temporalidade ten as súas peores consecuencias na sinistralidade laboral. En proporción, os traballadores e traballadoras cun contrato temporal sofren máis accidentes ca os que teñen unha relación estable.

No ano 2020, o 40,78 % dos accidentes de traballo con baixa en xornada laboral de persoal asalariado sufríronos persoas cun contrato temporal. Tendo en conta que a poboación asalariada temporal representaba o 24 % do total, é evidente que a relación entre os sinistros e o tipo de contrato non é aleatoria.

En cambio, a porcentaxe de accidentes entre as persoas cun contrato indefinido (o 59,22 % dos accidentes das persoas asalariadas) queda por baixo da representación dese colectivo no emprego por conta allea (no 2020, o 76 % das persoas asalariadas tiñan un contrato indefinido).

Os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral diminuíron en todos os tipos de contrato.

**Táboa 12. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL
POR TIPO DE CONTRATO**

TIPO DE CONTRATO	ANO 2020	ANO 2019
Autónomo	1.848	2.304
Indefinido	12.112	15.493
Temporal	8.342	11.721
Total	22.303	29.518

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias

No 2020, o maior índice de incidencia de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral dáse na provincia de Ourense (2558,72 accidentes por cada cen mil afiliacións); o segundo posto ocúpao A Coruña (2408,99 accidentes); a seguir están Lugo e Pontevedra (2.166,82 e 2022,32 accidentes), ambas as provincias cun índice inferior ao de Galicia (ver táboa 13).

Táboa 13. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

ANO 2020			ANO 2019	
	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	10.178	2.408,99	13.240	3.065,31
Lugo	2.545	2.166,82	3.369	2.807,90
Ourense	2.558	2.558,72	3.335	3.582,35
Pontevedra	7.021	2.022,32	9.574	2.708,77
Galicia	22.303	2.259,35	29.518	2.930,98

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Os accidentes de traballo diminuíron nas catro provincias pero o maior descenso rexistróuno A Coruña: 3062 accidentes menos ca no 2019 (-23,13 %). Séguelle Pontevedra con 2553 accidentes menos (-26,67 %), Lugo con 824 menos (-24,46 %) e, por último, Ourense con 777 menos (-23,3 %).

Canto ao índice de incidencia, baixa tamén nas catro provincias. Ourense rexistra o maior descenso cun 28,57 %, Pontevedra un 25,34 %, Lugo un 22,83 % e, por último, A Coruña un 21,41%

Por comunidades autónomas

Na clasificación por comunidades autónomas, e utilizando os datos do MITRAMISS, Galicia é a sexta con máis accidentes con baixa en xornada laboral e na distribución dos índices de incidencia: con 2276,16 accidentes con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras, só ten cinco comunidades con mellor índice, rebaixando incluso lixeiramente o estatal que se sitúa en 2357,59.

Táboa 14. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CC.AA. ANO 2020

	ACCIDENTES EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Castela-A Mancha	21.759	3.190,43
Navarra	8.573	3.074,93
Baleares	13.140	2.868,64
A Rioxa	3.514	2.828,88
Aragón	15.357	2.783,79
Murcia	15.327	2.705,20
Andalucía	74.066	2.694,99
Estremadura	9.217	2.654,15
País Vasco	24.273	2.589,82
Castela e León	21.777	2.483,53
Asturias	8.661	2.465,91
Cantabria	5.155	2.463,94
Valencia	42.928	2.340,16
Galicia	22.297	2.276,16
Ceuta	470	2.212,84
Cataluña	70.391	2.116,69
Canarias	15.315	2.001,59
Melilla	449	1.947,43
Madrid	55.805	1.803,75
Total	428.474	2.357,59

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

Canto aos accidentes mortais en xornada, Galicia rexistrou un índice de incidencia de 5,31 por cada cen mil persoas traballadoras, mentres que a proporción acadada no conxunto do Estado foi de 3,27. O cuarto índice de accidentes mortais máis elevado dáse en Galicia; Castela e León é a comunidade en peor situación cun 7,53, seguida de Castela a Mancha cun 7,18 e Estremadura cun 5,47

Táboa 15. ACCIDENTES MORTAIS E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CC.AA. AÑO 2020

	ACCIDENTES MORTAIS EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Castela e León	66	7,53
Castela-A Mancha	49	7,18
Estremadura	19	5,47
Galicia	52	5,31
A Ríoxa	6	4,83
Cantabria	10	4,78
Asturias	15	4,27
Navarra	11	3,95
Aragón	21	3,81
Andalucía	99	3,60
Murcia	17	3,00
Valencia	55	3,00
País Vasco	28	2,99
Cataluña	80	2,41
Canarias	15	1,96
Madrid	46	1,49
Baleares	6	1,31
Ceuta	—	—
Melilla	—	—
Total	595	3,27

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

No rexistro de accidentes mortais, Galicia é a quinta comunidade autónoma con maior número (52), despois de Andalucía que rexistra cifra máis alta (99), Valencia (62), Madrid (58) e Cataluña (54).

Accidentes mortais en xornada laboral

Segundo os datos do ISSGA, no ano 2020 houbo 52 accidentes mortais en xornada laboral: morreron 49 homes (un menos ca no 2019) e 3 mulleres (unha menos ca o ano anterior).

As causas máis frecuentes foron os infartos e outras patoloxías non traumáticas (14 accidentes, o 26,92 % dos mortais) e os esmagamentos por atrapamentos e amputacións (14 accidentes, o 26,92% dos mortais). A seguir están os choques ou golpes contra obxectos en movemento con 12 accidentes (23,08 %); os afogamentos e sepultamentos, 6 accidentes (11,54 %); as caídas e golpes con esmagamentos

contra obxectos inmóviles, 4 accidentes (7,69 %); por contacto con axente cortante ou punzante, 1 accidente (1,92 %); e por mordeduras, patadas, picaduras, etc., un accidente (1,92 %).

Os meses con máis accidentes mortais foron xuño (10 mortes), agosto (8 mortes) e febreiro e setembro (6 mortes en cada mes).

No 2020, coma no ano anterior, a pesca foi o sector de actividade co maior índice de incidencia de accidentes mortais. O segundo posto ocupouno a agricultura e o terceiro, a construción. Por debaixo da media só está o sector dos servizos (ver táboa 16).

Comparando co ano anterior, os accidentes mortais aumentaron en oito no sector primario (agricultura e pesca); mantívose a cifra na construción e diminuíu en tres mortes na industria e sete no sector dos servizos. No sector primario, o maior incremento deuse na pesca (5 mortes máis, 166,67 %) e na agricultura (tres mortes máis, 75 %).

Táboa 16. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES

ANO 2020			ANO 2019	
	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
Agricultura	7	20,2	4	11,42
Pesca	8	44,36	3	16,21
Industria	9	6,26	12	8,24
Construción	9	11,98	9	11,55
Servizos	19	2,66	26	3,56
Galicia	52	5,27	54	5,36

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias, Lugo volve ter no 2020 o maior índice de incidencia de accidentes mortais (ver táboa 17).

En comparación co 2019, o índice de incidencia aumentou en Pontevedra (28,60 %) e Lugo (12,37 %), mentres que baixou en Ourense (70,92 %) e A Coruña (14,81 %).

Táboa 17. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

ANO 2020			ANO 2019	
	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	N.º ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	15	3,55	18	4,17
Lugo	11	9,37	10	8,33
Ourense	2	2,00	7	6,88
Pontevedra	24	6,91	19	5,38
Galicia	52	5,27	54	5,36

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Polo tipo de contrato, o 34,62 % das persoas falecidas por accidente de traballo en xornada laboral no 2020 tiñan un contrato temporal; foron 18 persoas. En comparación co 2019, só diminuíron os accidentes mortais en persoas autónomas e incrementouse un en contratos temporais e dous en contratación indefinida.

Táboa 18. ACCIDENTES MORTAIS POR TIPO DE CONTRATO

	ANO 2020	ANO 2019
Autónomos	6	11
Indefinidos	28	26
Temporais	18	17
Total	52	54

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

1.2. Accidentes de traballo ‘in itinere’

No ano 2020 rexistráronse un total de 2209 accidentes *in itinere*: 1236 de mulleres (55,95 % dos accidentes) e 973 de homes.

No 2020 ocorreron 352 accidentes *in itinere* menos ca no 2019 entre os homes (-26,56 %) fronte a 562 menos entre as mulleres (-31,26 %). É dicir, son 914 accidentes *in itinere* menos ca no 2019 (-29,27 %)

As mulleres sufriron máis accidentes leves ca os homes pero nos graves e mortais ocorre o contrario (morreron seis homes e unha muller).

Táboa 19. ACCIDENTES DE TRABALLO ‘IN ITINERE’ POR SEXO E GRAVIDADE

	N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2020			N.º DE ACCIDENTES NO ANO 2019		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	933	1.216	2.149	1.292	1.766	3.058
Graves	34	19	53	29	28	57
Mortais	6	1	7	4	4	8
Total	973	1.236	2.209	1.325	1.798	3.123

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Baixaron todos os tipos de accidentes: os leves en 909 (29,73 %), os graves en 4 (7,02 %) e os mortais en 1 (12,5 %).

Por sexo e gravidade, nos homes aumentaron os accidentes mortais (2 máis ca no 2019) e os graves (5 máis) e, pola contra, baixaron os leves (359 menos). No caso das mulleres, descendieron os tres tipos de accidentes.

Os accidentes *in itinere* diminuíron en todas as provincias. Os mortais aumentaron en Pontevedra (2 máis, +66,67 %), diminuíron na Coruña (3 menos, -60 %) e mantivéronse en cero tanto Lugo coma Ourense. Os graves só baixaron na Coruña

(-40,38 %) e subiron en Lugo (+250%), Ourense (+25%) e Pontevedra (+9,09 %). O leves baixaron nas catro provincias

Táboa 20. ACCIDENTES DE TRABALLO ‘IN ITINERE’ POR GRAVIDADE E PROVINCIA

	Nº DE ACCIDENTES NO ANO 2020				Nº DE ACCIDENTES NO ANO 2019			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
A Coruña	902	17	2	921	1.337	29	5	1.371
Lugo	189	7	0	196	276	2	0	278
Ourense	223	5	0	228	286	4	0	290
Pontevedra	835	24	5	864	1.159	22	3	1.184
Galicia	2.149	53	7	2.209	3.058	57	8	3.123

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

2. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL

No ano 2020 rexistráronse en Galicia 14 577 accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral; son 4686 menos ca no 2019 (-24,33 %) e diminuíron en todas as provincias.

Táboa 21. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2020	ANO 2019	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. RELATIVA
A Coruña	5.549	7.862	-2.313	-29,42 %
Lugo	1.188	1.753	-565	-32,23 %
Ourense	1.547	1.878	-331	-17,63 %
Ponteved	6.293	7.770	-1.477	-19,01 %
Total	14.577	19.263	-4.686	-24,33 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

En relación co ano 2019, os accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral diminúen en todos os sectores.

Táboa 22. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES

	ANO 2020	ANO 2019	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. RELATIVA
Agricultura	421	615	-194	-31,54 %
Pesca	281	352	-71	-20,17 %
Industria	4.783	5.835	-1052	-18,03 %
Construción	2.222	2.691	-469	-17,43 %
Servizos	6.870	9.770	-2900	-29,68 %
Total	14.577	19.263	-4686	-24,33 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

3. ACCIDENTES DE TRABAJO POLA COVID-19

No conxunto do Estado recoñecéronse 9858 accidentes de traballo por covid-19, dos cales 92 foron en Galicia, o 0,92% do total.

Recoñeceuse un total de 21 accidentes mortais por covid-19, ningún deles en Galicia. Desas mortes, 19 foron en ámbitos sanitarios: 11 producíronse no tramo de idade de 64 a 65 anos, seguido do de maiores de 65, con 4 mortes.

Táboa 23. ACCIDENTES DE TRABAJO POR COVID

	TOTAIS	MORTAIS
Madrid	2.118	3
Aragón	1.811	2
Cataluña	1.530	1
Castela-A Mancha	1.054	8
Andalucía	1.013	5
Castela e León	716	2
Cantabria	439	—
Asturias	321	—
País Vasco	177	—
Valencia	166	—
Baleares	150	—
Galicia	92	—
Extremadura	81	—
Murcia	60	—
A Rioxa	59	—
Canarias	43	—
Navarra	21	—
Ceuta	7	—
Melilla	—	—
Total	9.858	21

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABAJO

1. ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABALLO

A información que achegamos sobre as enfermidades causadas polo traballo procede do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) e do Observatorio das continxencias profesionais da Seguridade Social. A análise céntrase, mormente, no período xaneiro-decembro de 2020.

A cobertura das enfermidades causadas polo traballo no sistema da seguridade social encarréirase por dúas vías:

— O recoñecemento automático da enfermidade profesional. Segundo o artigo 157 da LXSS (Lei xeral da seguridade social), un traballador ou traballadora ten dereito a cobertura por enfermidade profesional se esa enfermidade foi contraída a consecuencia do traballo nas actividades que se especifican no cadro de enfermidades profesionais (EEPP) aprobado polo RD 1299/2006 e está provocada pola acción dos elementos ou substancias que se indican nese cadro.

— O artigo 156.2 da LXSS, nos seus apartados *e* e *f*, reconece que serán consideradas como continxencia profesional aquelas enfermidades non incluídas na relación de EEPP que contraia o traballador ou traballadora con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo causa exclusiva na súa execución. Tamén as enfermidades ou defectos anteriormente padecidos polo traballador/a que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.

O sistema de notificación CEPROSS (comunicación de EEPP na seguridade social) achega desde o ano 2007 información das patoloxías sufridas por traballadores/as que están incluídas no cadro de EEPP.

En xuño de 2010 creouse o ficheiro PANOTRATSS, que rexistra as patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo que non teñen a consideración de enfermidade profesional.

1.1. Enfermidades profesionais

No *Informe CEPROSS-PANOTRATSS 2017* dise:

Un parte comunicado é un expediente de enfermidade profesional que foi tramitado pola entidade xestora ou colaboradora que asume a cobertura de continxencias profesionais conforme a normativa vixente e supuxo a existencia dunha visita do traballador a un facultativo que diagnostica unha enfermidade profesional catalogada no cadro de enfermidades profesionais recollido no RD 1299/2006.

Se cando se realiza a comunicación telemática existe baixa laboral por incapacidade temporal o parte permanece no que se denomina estado aberto, pa-

sando a situación de pechado no momento en que finalice a incapacidade temporal. Os partes pódense pechar por algunha das seguintes causas:

- Alta por curación e/ou alta laboral
- Alta con proposta de incapacidade permanente
- Alta con proposta de cambio de traballo
- Falecemento
- Lesións permanentes non invalidantes
- Sen baixa laboral
- Outras causas. *Neste apartado inclúense as situacións de cualificación do parte como accidente de traballo ou enfermidade común aínda cando o traballador continúe de baixa médica laboral.*

1.1.1. Partes comunicados de enfermidades profesionais

Segundo os datos de xaneiro-decembro 2019/2020 avanzados polo ISSGA, no 2020 rexistráronse 1323 EEPP; son 350 menos ca no ano 2019 (-20,92 %).

O 60,17 % dos partes comunicados de EEPP foron con baixa laboral e o restante 39,83 %, sen baixa. En comparación co ano anterior, os partes con baixa diminuíron un 23,02 % (238 menos) e os sen baixa diminuíron un 17,53 % (112 menos).

Táboa 1. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA

	ANO 2020	ANO 2019	VARIACIÓN
Con baixa	796	1034	-23,02%
Sen baixa	527	639	-17,53%
Total	1.323	1.673	-20,92%

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sexo

O 44,44 % das EEPP rexistradas no 2020 foron de mulleres: 588. O 59,69 % de partes comunicados de mulleres foron con baixa; a porcentaxe foi do 60,54 % no caso dos homes.

Táboa 2. EEPP POR SEXOS. ANO 2020

	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL
Homes	445	290	735
Mulleres	351	237	588
Total	793	527	1.323

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sector de actividade

O sector cun recoñecemento maior de enfermidades profesionais é a industria con 665 (50,26 %), seguido polos servizos con 509 (38,47 %). No sector da construción recoñecéronse 107 (8,09 %) e no sector primario (agricultura e pesca), 42 (3,17 %).

O sector que, en proporción, rexistrou máis EEPP con baixa ca sen baixa foi a pesca: o 78,95 %. Os seguintes son a construción cun 64,49 % e os servizos co 59,6 %. Na industria e na agricultura, o cociente queda por baixo da media.

Táboa 3. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA POR SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2020

SECTOR	CON BAIXA (A)	SEN BAIXA	TOTAL(B)	(A/B)*100
Agricultura	10	13	23	43,48
Pesca	15	4	19	78,95
Industria	394	271	665	59,25
Construción	69	38	107	64,49
Servizos	308	201	509	60,51
Total	796	527	1.323	60,17

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Os sectores que suman máis casos de EEPP de homes ca de mulleres son a construción (105 partes dos 107 comunicados) e a industria (o 69,32 %). En cambio, nos servizos ocorre o contrario: o 69,94% das EEPP corresponden a mulleres. Na agricultura e na pesca tamén hai un maior recoñecemento de EEPP nas mulleres, cun 65,21% e un 57,89 %.

Táboa 4. EEPP POR SECTOR DE ACTIVIDADE E SEXO. ANO 2020

SECTOR DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	8	15	23
Pesca	8	11	19
Industria	461	204	665
Construción	105	2	107
Servizos	153	356	509
Total	735	588	1.323

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

O sector que rexistra maior número de EEPP de mulleres é o dos servizos (356 partes, o 60,54 % das comunicadas) e nos homes é a industria (461 partes, o 62,72 % das comunicadas).

Por grupo de enfermidade

O cadro de EEPP foi aprobado polo Real decreto 1299/2006. Inclúe unha listaxe de enfermidades recoñecidas como profesionais e os traballos e substancias que expoñen ao risco de contraelas.

A listaxe recolle seis grupos de EEPP:

- Grupo 1: EEPP causadas por axentes químicos
- Grupo 2: EEPP causadas por axentes físicos
- Grupo 3: EEPP causadas por axentes biolóxicos
- Grupo 4: EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados
- Grupo 5: EEPP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados
- Grupo 6: EEPP causadas por axentes carcinógenos

No 2020, o 90,62 % dos partes comunicados de EEPP encadrábanse nos grupos 2 e 4. A maior concentración dáse, co 80,5 % de comunicacións, no grupo 2 (EEPP causadas por axentes físicos). O 58,50 % dos partes de EEPP do grupo 2 foron con baixa.

Séguelle moi de lonxe o grupo 4 (EEPP causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados) co 10,13 % dos comunicados en 2020 e o 76,87 % deles esixiron unha baixa laboral. No grupo 5 (EEPP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados), co 5,29 % dos partes comunicados, o 54,29% foron con baixa.

O grupo 1 (EEPP causadas por axentes químicos) abrangueu 30 EEPP; é o que rexistra a menor proporción de partes con baixa: o 46,67 %. Pola contra, no grupo 3 (EEPP causadas por axentes biolóxicos), con 20 casos, son maioría os partes con baixa: o 70 %. No grupo 6 (EEPP causadas por axentes carcinógenos) rexistráronse catro partes e todos con baixa.

Táboa 5. PARTES COMUNICADOS POR GRUPOS DE ENFERMIDADE. ANO 2020

GRUPO	CON BAIXA (A)	SEN BAIXA	TOTAL (B)	(A/B)*100
Grupo 2	623	442	1065	58,50
Grupo 4	103	31	134	76,87
Grupo 5	38	32	70	54,29
Grupo 1	14	16	30	46,67
Grupo 3	14	6	20	70,00
Grupo 6	4	0	4	100,00
Total	796	527	1323	60,17

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sexo, como se reflicte na táboa 6, o maior número de partes comunicados de EEPP pertence ao grupo 2 (causadas por axentes físicos), tanto nos homes coma nas mulleres. Nese grupo están o 76,6 % das EEPP de homes e o 85,37 % de mulleres.

Táboa 6. PARTES COMUNICADOS POR GRUPOS DE ENFERMIDADE E SEXO. ANO 2020

GRUPO	HOMES	MULLERES	TOTAL
Grupo 2	563	502	1065
Grupo 4	120	14	134
Grupo 5	32	38	70
Grupo 1	11	19	30
Grupo 3	6	14	20
Grupo 6	3	1	4
Total	735	588	1323

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Cómpre destacar a diferente incidencia en homes e mulleres das EEPP dos grupos 3 e 4, como reflexo do distinto encadramento duns e outras por sectores. O segundo grupo con máis partes de EEPP de homes é o 4 (causadas por inhalación de substancias), pois representan o 16,32 % do total (e só o 2,38 % nas mulleres). O 89,55 % dos partes encadrados no grupo 4 corresponden a homes.

No caso das mulleres, o grupo 3 (EEPP causadas por axentes biolóxicos) co 2,38 % do total (e só o 0,81 % no caso dos homes). O 70 % dos partes rexistrados no grupo 3 corresponden a mulleres.

A maioría dos partes comunicados dos grupos 1 (EEPP causadas por axentes químicos) e 5 (EEPP da pel) corresponden a mulleres: o 63,33 % e o 54,29 %, respectivamente.

No 2020 comunicáronse catro partes de EEPP causadas por axentes carcinógenos (grupo 6); tres son de homes, dous no sector dos servizos e un na industria; no caso da muller, procede da industria.

Por provincias

A provincia coa cifra máis alta de partes comunicados de EEPP é Pontevedra con 670, o 50,64 % de todos os rexistrados en Galicia no 2020. A seguir, a provincia da Coruña suma 350 partes (o 26,46 % do total), Ourense 194 (o 14,66 %) e, por último, Lugo con 109 (o 8,24 %).

Nos partes que comportaron baixa, Lugo sitúase á cabeza co 70,64 % dos comunicados na provincia. No extremo oposto está Pontevedra, coa menor porcentaxe das catro provincias galegas: un 55,37 %.

Táboa 7. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS. ANO 2020

PROVINCIA	CON BAIXA (A)	SEN BAIXA	TOTAL (B)	(A/B)*100
A Coruña	231	119	350	66,00
Lugo	77	32	109	70,64
Ourense	117	77	194	60,31
Pontevedra	371	299	670	55,37
Total	796	527	1323	60,17

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sexos, hai máis comunicacións de EEPP de homes na provincia de Ourense (60,31 %), Lugo (58,32%) e Pontevedra (56,57%). Na provincia da Coruña rexistrouse o mesmo número de partes de homes que de mulleres.

Táboa 8. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS E SEXO. ANO 2020

PROVINCIA	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	175	175	350
Lugo	64	45	109
Ourense	117	77	194
Pontevedra	379	291	670
Total	735	588	1323

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por comunidades autónomas

Na comparación co conxunto do Estado, Galicia ocupa o quinto lugar en recoñecemento de enfermidades profesionais: o 7,03 % dos partes comunicados no conxunto do Estado.

Táboa 9. PARTES COMUNICADOS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. ANO 2020

CC.AA.	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL
Valencia	1.112	2.781	3.893
País Vasco	1.243	1.156	2.399
Cataluña	1.043	966	2.009
Murcia	803	1.008	1.811
Galicia	780	523	1.303
Navarra	564	653	1.217
Andalucía	654	386	1.040
Madrid	548	314	862
Aragón	348	496	844
Castela e León	361	366	727
Castela-A Mancha	310	173	483
A Rioxa	155	273	428
Asturias	220	199	419
Canarias	184	213	397
Cantabria	176	125	301
Baleares	115	125	240
Extremadura	91	64	155
Ceuta e Melilla	7	7	14
Total	8.714	9.828	18.542

FONTE: elaboración propia a partir de datos do CEPROSS

1.1.2. Partes pechados como enfermidade profesional con baixa

No ano 2020 pecháronse 647 procesos de enfermidade profesional en Galicia, 177 menos ca no 2019, o que supón unha diminución do 21,48 %.

A duración media dos procesos de enfermidade profesional foi de 101,65 días de baixa laboral en Galicia (fronte a 86,03 días no 2019). Esa duración na media estatal é de 108,64 días (87,49 días no 2019).

1.1.3. Sistema de alertas

O sistema CEPROSS conta cun «servizo de alertas» que ofrece a posibilidade de detectar aquelas empresas que superaron os límites de alerta establecidos. É dicir, localiza posibles «focos de risco» de EEPP, para facilitar unha maior eficiencia nas accións preventivas.

Táboa 10. TOTAL DE EMPRESAS QUE SUPERARON OS LÍMITES ESTABLECIDOS NO 2020

	GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3	GRUPO 4	GRUPO 5	GRUPO 6	SUMA	TOTAL EMPRESAS
Galicia		13	5	14	1	3	36	28
Madrid		4	17	1	2	1	25	20
País Vasco		12	4		2	2	20	18
Murcia		14		1	1	3	19	14
Castela-A		4	2	4	1	2	13	13
Andalucía		4	3	3	1	3	14	12
Cataluña		7	3		1	2	13	11
Navarra	2	12					14	11
Valencia		9	2		2	2	15	11
Asturias		4				2	6	5
Castela e León	1	5			1		7	5
Cantabria		3	2				5	4
Aragón				1		1	2	2
A Rioxa			1				1	1
Baleares					1		1	1
Canarias			2				2	1
Estremadura			1				1	1
Total	3	91	42	24	13	21	194	158

FONTE: elaboración propia a partir de datos do CEPROSS

Nota:

Grupo 1: EEPP causadas por axentes químicos

Grupo 2: EEPP causadas por axentes físicos

Grupo 3: EEPP causadas por axentes biolóxicos

Grupo 4: EEPP causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados

Grupo 5: EEPP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados

Grupo 6: EEPP causadas por axentes carcinógenos

No ano 2020, 28 empresas superaron en Galicia os límites de sinistralidade; representan o 17,72 % das detectadas en España (fronte ás 37 empresas detectadas en 2019). Na clasificación por comunidades autónomas, Galicia é a primeira en número de empresas que superaron os límites de sinistralidade.

As alertas nesas 28 empresas en Galicia producíronse en 36 EEPP. Polo tanto, existen empresas onde as alertas detectaron máis dunha enfermidade profesional.

O maior número de empresas que superaron os límites de sinistralidade encádrase nas actividade económicas de corte, tallado e acabado da pedra (8 empresas), onde se rexistraron 11 enfermidades profesionais encadradas no grupo 4 (EEPP causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados).

1.2. Patoloxías non traumáticas

Os datos manexados de patoloxías non traumáticas corresponden aos expedientes comunicados a través do sistema PANOTRATSS en Galicia no ano 2020. Coñecemos o número de partes comunicados distribuídos por sexo, por provincias e segundo causaran ou non baixa laboral.

Por sexos

No ano 2020 comunicáronse 155 partes de patoloxías non traumáticas en Galicia (fronte a 275 no 2019). A incidencia da declaración é maior nos homes ca nas mulleres: 100 partes de homes (64,52 % dos partes) e 55 de mulleres.

O 49,03 % dos partes comunicados foron con baixa laboral. Por sexos, a proporción é algo máis elevada nos homes ca nas mulleres: 52 % fronte a 43,64 %, respectivamente.

Táboa 11. PARTES COMUNICADOS DE PATOLOXÍAS NON TRAUMÁTICAS. ANO 2020

	HOMES	MULLERES	TOTAL
Con baixa	52	24	76
Sen baixa	48	31	79
Total	100	55	155

FONTE: elaboración propia a partir de datos do PANOTRATSS

Por provincias

O maior número de partes comunicados de patoloxías non traumáticas corresponde á provincia da Coruña: 57 no 2020, que representan o 36,77 % dos comunicados na comunidade. Séguenlle os 44 partes de Ourense (28,39 %), Pontevedra con 41 (26,45 %) e, por último, Lugo con 13 (8,39 %). O número de partes comunicados de homes é superior ao de mulleres nas catro provincias galegas.

A maior porcentaxe de baixas laborais por patoloxías non traumáticas deuse nas provincias da Coruña (61,40 % dos partes), Pontevedra (58,54 %) e Lugo (53,85 %). Ourense, cun 22,73 %, quedou por baixo da media, pois en Galicia 49,03% dos partes foron con baixa.

Táboa 12. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS E SEXOS. ANO 2020

	CON BAIXA			SEN BAIXA			TOTAL		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	22	13	35	15	7	22	37	20	57
Lugo	5	2	7	5	1	6	10	3	13
Ourense	7	3	10	22	12	34	29	15	44
Pontevedra	18	6	24	6	11	17	24	17	41
Total	52	24	76	48	31	79	100	55	155

FONTE: elaboración propia a partir de datos do PANOTRATSS

Clasificación por comunidades autónomas

Na clasificación por comunidades autónomas, en cifras absolutas, Galicia é a décima con máis declaracións de patoloxías non traumáticas: 155 partes no 2020.

Galicia ten un 49,03 % de partes comunicados con baixa laboral nas patoloxías non traumáticas, por debaixo da media estatal que alcanzou o 58,59%.

Táboa 13. PARTES COMUNICADOS POR CCAA. ANO 2020

	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL (B)	(A/B)*100
Ceuta e Melilla	2		2	100,00%
Asturias	355	30	385	92,21%
Murcia	135	55	190	71,05%
Castela-A Mancha	67	31	98	68,37%
Cataluña	675	326	1.001	67,43%
Navarra	26	16	42	61,90%
Madrid	150	99	249	60,24%
Andalucía	143	100	243	58,85%
Aragón	110	89	199	55,28%
Castela e León	88	76	164	53,66%
Galicia	76	79	155	49,03%
A Rioxa	17	18	35	48,57%
Extremadura	16	17	33	48,48%
Canarias	23	26	49	46,94%
Valencia	278	353	631	44,06%
Cantabria	7	11	18	38,89%
País Vasco	70	200	270	25,93%
Baleares	24	73	97	24,74%
Total	2.262	1.599	3.861	58,59%

FONTE: elaboración propia a partir de datos do PANOTRATSS

CONCLUSIÓNS

Segundo o avance das estatísticas de accidentes de traballo que publicou o ISSGA, durante o 2020 producíronse en Galicia 24 511 accidentes de traballo con baixa. Deste total, o 90,99 % ocorreron en xornada laboral (22 302 accidentes) e o 9,01 % restante no desprazamento do domicilio ao centro de traballo ou viceversa (2209 accidentes). En relación co ano anterior, os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral diminuíron un 24,45 % e os accidentes *in itinere* diminuíron un 29,27 %.

O índice de incidencia baixou un 22,91 % con respecto ao ano 2019. Por sexos, baixa nas mulleres un 24,35 % e nos homes un 22,21 %. Por gravidade, o índice de incidencia baixou nos leves un 23,03 %, nos graves un 17,99 % e nos mortais só un 1,75 %. O único índice que sobe —nun 0,29 %— é nos homes en accidentes mortais.

O índice de incidencia baixa en todos os sectores de actividade. O menor descenso dáse na pesca (−9,77 %) e séguelle a agricultura (−15,14 %). O maior descenso rexístrase nos servizos (−25,29 %), séguelle a industria (−22,47 %) e a construción (−21,39 %).

No 2020 morreron 59 persoas en accidente de traballo; 52 desas mortes producíronse en xornada laboral (son dúas mortes menos ca no 2019). En accidente *in itinere* morreron seis homes e unha muller (no 2019 morreron catro homes e catro mulleres).

O descenso dos accidentes mortais en xornada laboral deuse tanto nos homes coma nas mulleres (en comparación co 2019, morreron un home e unha muller menos). Os accidentes mortais aumentaron en oito no sector primario (agricultura e pesca) e mantivéronse na construción; diminuíron en tres mortes na industria e sete no sector dos servizos. No sector primario, o maior incremento produciuse na pesca (5 mortes máis, 166,67 %) e na agricultura (tres mortes máis, 75 %).

Segundo as estatísticas do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, Galicia rexistrou un índice de incidencia de 5,31 accidentes mortais por cada cen mil traballadores/as, mentres que a proporción na media do Estado foi de 3,27. Na clasificación por comunidades autónomas somos a cuarta co maior índice de accidentes mortais.

Os traballadores e traballadoras con menos antigüidade no seu posto traballo teñen máis probabilidades de sufriren un accidente en xornada laboral. Un dato revelador disto é que o 18,57 % dos accidentes con baixa en xornada laboral rexistrados no 2020 sufríronos persoas que tiñan unha antigüidade inferior a tres meses no seu posto de traballo, porcentaxe moi elevada en relación coa poboación asalariada exposta a esa situación, que supón o 4,22%.

O peor dato dos accidentes mortais dáse nas persoas cunha antigüidade de 3 a 6 meses, pois representan o 3,2 % da poboación activa pero sufriron 11 accidentes mortais en xornada laboral, que supoñen o 21,15 % do total dese tipo de accidentes. Os accidentes mortais en xornada de traballo que sufriron as persoas cunha antigüidade inferior a un ano foron 22, un 42,31 %, sendo o 12,57 % da poboación activa.

A nosa estrutura produtiva caracterízase polo predominio case absoluto das empresas moi pequenas. No 2020, o maior número de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral deuse en empresas que teñen entre 5 e 25 traballadores e traballadoras: rexistraron o 26,62 % do total de accidentes. Esa porcentaxe sobe ata o 57,58 % nas empresas que tiñan de 1 a 50 traballadores/as.


As persoas con contrato temporal tamén corren máis riscos de ter un accidente ca as que teñen unha relación estable: no 2020, sufriron o 40,78 % dos accidentes con baixa en xornada laboral de persoal asalariado; esa porcentaxe queda moi por riba da representación deste colectivo no emprego por conta allea, que é un 24 %.

Nos accidentes sen baixa tamén se produciu un descenso de 4686 en relación co ano 2019, é dicir, un 24,33 % menos.

Canto ao recoñecemento de accidentes de traballo por covid-19, entendemos que non se corresponde coa realidade. Tendo en conta o impacto da enfermidade no conxunto da sociedade, o número de persoas cun recoñecemento de accidente de traballo só ascende a 9858 no Estado e 92 en Galicia. Cos accidentes mortais recoñecidos ocorre o mesmo: 21 no Estado e ningún en Galicia.

Persiste a infradeclaración de enfermidades causadas polo traballo. No 2020 comunicáronse 1323, un 20,92 % inferior ao recoñecemento no 2019. Do total de enfermidades profesionais recoñecidas, o 60,17 % foron con baixa laboral. Mención á parte merece o subrexistro das enfermidades profesionais causadas por axentes carcinóxicos (grupo VI): catro partes no 2020 (os catro de homes).

No que respecta á clasificación por grupo nas enfermidades profesionais, as causadas por axentes físicos seguen sendo as maioritarias co 80,5 % dos partes comunicados. Por sectores, a industria ocupa o 50,26 %, seguido polos servizos cun 38,47 %. O maior número de partes en mulleres dáse no sector dos servizos e nos homes na industria. A maior diferenza de enfermidades profesionais recoñecidas entre homes e mulleres rexístrase na construción: foron 105 nos homes e 2 nas mulleres.



comisións obreiras